# Foliada da Moureira

*Rep. "Cántigas da Terra"*

**Tradicional**






**1.:** Pola rosa da roseira
catro biquiños che din. } *bis*
Ó primeiro que me deches
¡ai la la!
ó primeiro que me deches
prendado quedei de tí. } *bis*

**2.:** As tellas do meu tellado
botan auga sen chover. } *bis*
Xa que queres que eu te queira
¡ai la la!
xa que queres que eu te queira
faino tí por merecer. } *bis*

**3.:** Folla do loureiro verde
non me trates ó desdén. } *bis*
Estouche na miña casa
¡ai la la!
estouche na miña casa
faloche non sei con quen. } *bis*

**Retrouso:** Fun ó Carramal -Carramal- e vin,
fun ó Carramal, prendeime da nena.
Eu ó Carramal teño de ir e vir,
teño de ir e vir, teño de ir e vir
sempre que me queira.